# ROMANCIÑO BIPOLAR

## OU SON COMA TI AÍNDA QUE NON O SAIBAS*

**(Romanciño para o Día Mundial da Saúde Mental)**

FACER ROMANCIÑOS
É UN GUSTO QUE TEÑO
E GÚSTANME TANTO
POR SER TAN PEQUENOS
O FONDO ENTREVISTO
E A FORMA DE VELO

ÁS VECES ESCRIBO
DO ANTIGO TORMENTO
E CANDO RECITO
ACABO CO MEDO
RECITO CON MIMO
RECITO MOI LENTO
XA SEXA DE NOITE
XA SEXA MOI CEDO

REGRESAN DE NOVO
RECORDOS XA VELLOS
DESA ENFERMIDADE
QUE COMIGO LEVO

DENDE QUE BROTOU
COMO ALGO XENÉTICO
TAMÉN CONSECUENCIA
DO AMBIENTE TAN NEGRO

TRASTORNO MENTAL
**BIPOLAR ETERNO**
HAI COUSAS QUE DURAN
COMA O FIRMAMENTO
QUE VEÑEN E VAN
COMO VÉN O VENTO
COMO SE VAI O SOL
MÁIS ALÁ DO CEO

PASEINO MOI MAL
BAIXEI ATA O INFERNO
E FUN DE ODISEA
DE MÉDICO EN MÉDICO
VISITEI PSIQUIATRAS
SEN PALIAR O TEDIO
NIN A DEPRESIÓN
QUE ESTABA TAN DENTRO
E TAMÉN A EUFORIA
LEVEI DE PASEO

CRÉNDOME DAQUELA
QUE ERA DON PERFECTO
TODO UN SUPERHOME
MAXESTOSO E BELO
FACENDO BARBARIES
QUE AÍNDA NON CREO

ATA QUE DE SÚPETO
SAÍN DESE INFERNO
A BASE DE AMOR
DUN BO TRATAMENTO
SEI QUE NECESITO
OS MEDICAMENTOS
UN RITMO DE VIDA
TRANQUILO E SERENO
TAMÉN NECESITO
NOVELAS SONETOS
ROMANCES ALEGRES
ROMANCIÑOS TÉTRICOS

XA SEI QUE TI PENSAS
DISTINTO AO QUE EU PENSO
PERO HAI QUEN NON VE
O QUE VE ATA UN CEGO

**EU SON COMA TI**

**E SOMOS O MESMO**

**PERSOAS NO ESPAZO**

**AO ARBITRO DO TEMPO**

**EU SON COMA TI**

**TAN SAN COMO ENFERMO**

**SE INDA NON O SABES**

**TERÁS QUE APRENDELO**

*****Este poema foi lido polo seu autor, Antonio Tizón, que padece un Trastorno Bipolar, o domingo, 9 de outubro de 2016, na Praza dos Irmáns García Naveira, de Betanzos, trala andaina solidaria e benéfica de oito quilómetros organizada por APEM (ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS) con motivo da celebración do Día Mundial da Saúde Mental.